EXERCICIOS AUTOAVALIABLES DOCUMENTAIS

EXERCICIO 1

Comenta os seguintes mapas







EXERCICIO 2

Completa o seguinte cadro, indicando as vantaxes e os inconvenientes de cada medio de transporte.

TRANSPORTE	VANTAXES	INCONVENIENTES
ESTRADA		
FERROCARRIL		
BARCO		
AVIÓN		

RESPOSTAS

EXERCICIO 1

O mapa presenta a accesibilidade dos países da UE con respecto ao conxunto deste espazo mediante isoliñas (liñas que unen puntos de igual accesibilidade). España presenta unha accesibilidade con respecto ao resto da Unión Europea moi por debaixo da media. O cal a coloca unha posición totalmente periférica. Isto debese a unha posición xeográfica lonxe do eixe da UE. Localizado a longo dunha dorsal que se estende desde o SE de Gran Bretaña ao NO de Italia, onde se concentran as principais cidades e os principais centros de actividade económica. A baixa accesibilidade á UE está determinada, ademais polas dificultades que presenta para as comunicacións o istmo montañoso dos Perineos. Onde os puntos máis accesibles son os extremos por onde discorren as principais estradas e ferrocarrís que unen España con Europa.

España comparte esta situación con outros países da UE, como Irlanda, Portugal ou Grecia. Como este feito é un obstáculo para facer efectivo o funcionamento do mercado único, a política comunitaria de transporte ten o obxectivo de potenciar as redes trasneuropeas (estradas e ferrocarril) e mellorar as infraestruturas das rexións periféricas, de xeito que se reduza os tempos e os custos do transporte. A este fin destínanse fondos estruturais e de cohesión dos que España é unha importante beneficiaria. En relación con isto desenvólvense os novos proxectos de estradas transpirenaicas: Burdeos-Valencia e Barcelona- Toulouse, e a conexión con Europa co tren de Alta Velocidade. Así mellorará a accesibilidade e se reducirán os tempos e os custes do transporte, os produtores serán máis competitivos e mellorara a consecución do mercado único

EXERCICIO 2

TRANSPORTE	VANTAXES	INCONVENIENTES
ESTRADA	Acceso directo desde o punto de partida ao de chegada e flexibilidade horaria	Escasa capacidade de carga, alta densidade do tráfico e contaminación
FERROCARRIL	Elevada capacidade de carga, seguridade, rapidez e escasa contaminación	Rixidez do trazado e elevado custe de construción e mantemento
BARCO	Gran capacidade de carga e o baixo prezo	Lentitude e contaminación das augas en caso de accidente
AVIÓN	Rapidez, seguridade e a independencia respecto ao relevo ou os mares	Altos gastos de explotación e de mantemento, elevado prezo e consumo de combustible, e contaminación